

MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, CONCELEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO,

CERTIFICO:

Que a Xunta de Goberno Local, na sesión ORDINARIA celebrada o vinte e un de xuño de dous mil dezasete, adoptou o seguinte acordo:

24/390 CONTRATACIÓN DA PRODUCCIÓN DE ESPECTÁCULOS E CONCERTOS DAS FESTAS DO ARDE LUCUS 2017. DECLARACIÓN DE DESERTO DO LOTE 1 “ESCENARIOS, ESTRUTURAS, BANCADAS E ELEMENTOS AUXILIARES”.-

Examinado o expediente tramitado para os efectos e visto o informe proposta do Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento, do 15 de xuño de 2017 que, na súa parte expositiva, fai constar:

“ANTECEDENTES

I.- Acordo número 14/239 da Xunta de Goberno Local do 3 de maio de 2017 polo que se aprobou o procedemento para a contratación da CONTRATACIÓN DA PRODUCCIÓN DE ESPECTÁCULOS E CONCERTOS DAS FESTAS DO ARDE LUCUS 2017. LOTE 1. ESCENARIOS, ESTRUTURAS, GRADAS E ELEMENTOS AUXILIARES. LOTE 2: ESPECTÁCULOS NA PRAZA DE SANTA MARÍA E EXPLANADA DO PAVILLÓN LOTE 3: ANIMACIÓN DE RÚA (EXP. REF. 16-2017).

II.- Anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo número 118 do 25 de maio de 2017

III.-Acta da Mesa de Contratación do 14 de xuño de 2017 que textualmente di:

‘ Sendo as 13:00 horas do día 14 de xuño de 2017, no salón de comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na ronda da Muralla 197), constitúese a Mesa de Contratación, constitúese a Mesa de Contratación presidida polo Xefe do Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento, don Xosé Manuel Cao Rei, e actuando como vogais:

Don Manuel Louzao Aldariz, Titular da Asesoría Xurídica, don Marcial Rodríguez Toajas, Interventor Xeral dona María José Pena Lage, funcionaria adscrita a Xuventude e actuando como secretaria dona Ana Tabarés Martínez, técnico de contratación, patrimonio e fomento.

Abre a sesión o Sr. Presidente e procédese por parte da Secretaria da mesa a dar lectura ó informe do negociado de rexistro do 14 de xuño de 2017 no que se pon de manifesto que á referida contratación se presentaron as seguintes plicas no rexistro deste Concello:

- A.S.A. -SON S.L.U (para o lote 2)

- ALENTI SOLUCIONES PARA EVENTOS S.L.U. (para o lote 3)

A vista do cal os membros da mesa acordan declarar deserto o procedemento para a contratación da produción de espectáculos e concertos das festas do Arde Lucus 2017 lote 1.- escenarios, estruturas, gradas e elementos auxiliares.

A continuación procédese a continuación á apertura dos sobres A (documentación administrativa), das mercantís que se presentaron aos outros dous lotes comprobándose por parte dos membros da mesa que é correcta en tódolos casos, tralo cal se procederá á apertura dos sobres B (oferta económica suxeita a criterios avaliábeis automaticamente)

Sen máis que manifestar, conclúese co asunto de referencia.

LEXISLACIÓN APLICABLE

ACTAS E GOBERNO

MGF/mbfc

Refª: 17x270240390

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 21-6-2017

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP).
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público.
- Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.
- Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais (LPRL) e os seus regulamentos.
- Calquera outra disposición legal vixente que lles sexa de aplicación ás corporacións locais.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Primeira.- Neste procedemento de licitación non se presentou oferta ningunha ao procedemento para a CONTRATACIÓN DA PRODUCCIÓN DE ESPECTÁCULOS E CONCERTOS DAS FESTAS DO ARDE LUCUS 2017 correspondente ao LOTE 1. ESCENARIOS, ESTRUTURAS, GRADAS E ELEMENTOS AUXILIARES; motivo polo que procede a declaración de deserto, podendo procederse novamente á súa contratación polos procedementos legalmente establecidos.

Segunda.- En canto ó órgano municipal competente para aprobar o expediente da contratación de referencia, de acordo co disposto na disposición adicional segunda do texto refundido da Lei de contratos do sector público, á Xunta de Goberno Local correspóndelle as contratacións e concesións, incluídas as de carácter plurianual. Por todo o anteriormente exposto e no uso das atribucións conferidas á Xunta de Goberno Local na disposición adicional segunda do texto refundido da Lei de contratos do sector público aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, e a normativa específica de aplicación.”

A Xunta de Goberno Local, no uso das súas atribucións, con base na proposta do referido servizo conformada pola Ilma. Sra. Tenenta de Alcalde Delegada da área respectiva, e por unanimidade dos seguintes asistentes: Excm.a Sra. D.^a LARA MÉNDEZ LÓPEZ, Alcaldesa Presidenta do Concello de Lugo (Grupo Municipal Socialista -GMS-); Ilma. Sra. D.^a ANA PRIETO NIETO, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Economía, Emprego e Desenvolvemento Económico (GMS); Ilmo. Sr. D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Medio Rural e Deportes (GMS); Ilma. Sra. D.^a MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua (GMS); Ilma. Sra. D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Benestar Social, Igualdade e Inclusión

(GMS) e o Ilmo. Sr. D. MANUEL NÚÑEZ LÓPEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Educación e Infraestruturas Urbanas, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Declarar deserto o procedemento para a CONTRATACIÓN DA PRODUCCIÓN DE ESPECTÁCULOS E CONCERTOS DAS FESTAS DO ARDE LUCUS 2017, correspondente ao LOTE 1 "ESCENARIOS, ESTRUTURAS, BANCADAS E ELEMENTOS AUXILIARES" polos motivos recollidos na acta da Mesa de Contratación do 14 de xuño de 2017, isto é, a ausencia de presentación de ofertas.

SEGUNDO.- Notificarlles esta resolución ás dependencias municipais afectadas con indicación de que esta resolución pon fin á vía administrativa e que contra ela caberá a interposición dos seguintes recursos:

- Recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do contencioso-administrativo (artigo 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo), nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ó da notificación deste acto.

- Non obstante o anterior, e con carácter previo, poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición previsto no artigo 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, ante a Xunta de Goberno Local e no prazo de UN MES, contado dende o día seguinte ó da notificación deste acto.

E para que así conste no expediente, coa expresa advertencia prevista no artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais de que a acta da sesión na que foi adoptado o acordo transcrito aínda non foi aprobada, e a reserva dos termos que resulten da aprobación desta, expídese esta certificación de orde da Excma. Sra. Alcadesa, dona Lara Méndez López, coa súa sinatura e a do Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.

